

A crítica da moral occidental. A xenealoxía dos valores morais. Moral de escravos e moral de señores.

Na Xenealoxía da moral Nietzsche leva a cabo unha indagación acerca da orixe dos valores morais en Occidente. O filósofo interrógase acerca da procedencia das valoracións morais que determinan o que é considerado como *bo* e *malo*, *virtude* e *vicio* ou *pecado* pola moral dominante. Este é precisamente o sentido da palabra *xenealoxía* en Nietzsche, a saber, un estudo das *orixes* e a *xénese* dos valores morais occidentais. Tal indagación xenealóxica leva a descubrir os intereses ocultos e inconfesados que se agochan tras da moral platónico-cristiana. Unha vez máis, Nietzsche acomete un labor de *desenmascaramento* para denunciar a presenza de intereses contrarios á vida nos discursos da moralidade hexemónica en Occidente (socrático-platónico-xudeo-cristiana). A construción da moral supón un proceso paralelo á construción dunha sociedade e dunha cultura. Como todo proceso civilizatorio ten como obxectivo a *domesticación do animal-home*, isto é, o sometemento e o apaciguamento dos instintos vitais do ser humano. Toda civilización é *per se* domesticadora das pulsións vitais que aniñan na natureza humana. Así ocorre tamén e de maneira destacada cos valores dominantes da moralidade occidental; estes valores supoñen a negación dos instintos básicos do home. Por este motivo, Nietzsche cualifica esta moral como *represiva* e *contranatural*, xa que se opón á vida e se dirixe contra as pulsións vitais. A base filosófica da moral occidental reside, principalmente, no platonismo; esta filosofía platónica foi posteriormente *reciclada* polo cristianismo: o *mundo das ideas* converteuse no *reino dos ceos*. Ao igual que a metafísica platónica, a metafísica cristiana coloca o centro de gravidade da existencia humana, non *neste mundo*, senón no *máis alá*. A moral cristiana, tamén o seu antecedente a moral xudía, expresan un xuízo negativo sobre a vida. A moral xudeo-cristiana é a manifestación palpable do resentimento que obriga a buscar metas externas á vida e ao mundo. *O reino dos ceos* constitúe unha obxección absoluta contra a vida, o mundo e o corpo.

Na Xenealoxía da moral cobra relevancia a contraposición entre a *moral de escravos* e a *moral de señores*. Conforme a súa noción de *xenealoxía*, Nietzsche rastrea o significado inicial da contraposición moral entre o *bo* e o *malo*. E descubre que orixinariamente prevalecía a moral dos señores que identificaba o *bo* co nobre, o aristocrático, o elevado e o superior. Mentres que coa palabra *malo* designábase o simple, o vulgar, o plebeio, o inferior e o débil. Estes eran os valores propios da moral de señores, unha moral aristocrática, unha moral elevada que ensalzaba como virtude a forza, o poder, as ansias de dominio. Esta era a moral dos que aman a vida e desexan vivir sen someter as súas pulsións vitais. Por este motivo, esta é tamén a moral do exceso e da exuberancia, a moral dos fortes dos que non temen afrontar a vida cos seus momentos sublimes de goce e pracer e os seus intres baixos de dor e sufrimento. Esta é a moral da xerarquía, das elites, da minoría, a moral das naturezas nobres e distinguidas. Esta moral que valoraba as virtudes do guerreiro foi a moral orixinariamente dominante en Occidente. Pero fatalmente levouse a cabo unha *rebelión dos escravos* contra a moral dos señores. Como consecuencia deste lamentable suceso, os escravos acometeron unha completa *inversión dos valores*, a saber, o nobre, superior, aristocrático, forte e elevado pasou a ser vilipendiado como *malo*; o simple, débil, enfermo, pobre, vulgar e inferior pasou a ser venerado como *bo*. Así, a moral dos escravos predicou os valores da bondade, a humildade, a resignación, a obediencia, a sumisión, a paciencia, a compaixón e a moderación. Esta é a moral da igualdade e a nivelación que pretende uniformizar e homoxeneizar o rebaño humano a base de forzar aos individuos de

espírito e carácter aristocráticos a rebaixarse ao nivel da mediocridade propia dos débiles e que denigra todo o elevado e superior como demoníaco, perverso e perigoso. Aquí reside a orixe dos valores morais en Occidente, pois esta rebelión dos escravos resultou vitoriosa e implantou unha moral dos débiles que nace do resentimento e do odio contra todo o que é nobre e superior, que nace da impotencia dos débiles e enfermos que, incapaces de elevarse ate a altura dos señores, amputan todo o que sobresaie por enriba da súa baixeza. Esta moral dos escravos, esta moral do rebaño, da masa, dos impotentes e os resentidos creou os valores morais en Occidente. Esta moral fornece os valores desta civilización enemiga da vida, do mundo e do corpo.

“La moral de señores, moral noble, ha nacido *del pathos de la distancia*, de los estados de alma soberbios, elevados; es una moral de la *jerarquía*. En cambio, la moral de esclavos se basa en la tendencia a la nivelación, en la rebelión contra la jerarquía, en la voluntad de igualdad. La moral de señores opera con la contraposición *bueno y malo*: bueno es todo lo que eleva al individuo, lo que le lleva a lo auténtico de su vida, a su autenticidad; bueno es lo que da nobleza a la existencia, lo que le da grandeza; bueno es el héroe, el guerrero. La moral de señores es sobre todo una moral de las virtudes guerreras, es una moral caballeresca. Estima a los miembros de una comunidad reducida, donde el hombre elevado se encuentra entre sus iguales, entre los que tienen su mismo rango; pero desprecia a todos los inferiores, a los que piensan con bajeza, a los que viven del provecho común, a los que no se prodigan. Lo bajo es malo.

Distinta de ésta es la moral de esclavos; ésta se halla impregnada del espíritu de venganza contra la vida superior; quiere igualar todas las cosas; censura la excepción como algo contrario a la moral; glorifica lo que hace soportable la vida a los pobres, a los enfermos, y a los débiles de espíritu: la gran hermandad de todos los hombres, el amor al prójimo, la apacibilidad. La moral de esclavos opera con la contraposición entre el bien y el mal: la vida señorial, la vida consciente de su poder y de su potencia es para el esclavo precisamente lo peligroso, el mal. El mal no es despreciado como lo pequeño, sino que es concebido y odiado como el peligro.”

(Eugen Fink. *La filosofía de Nietzsche*. Alianza Editorial. Madrid. 1989)